



Resolución do 1 de abril de 2016, pola que se completa a Resolución do 31 de marzo na que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C).

A Orde do 17 de outubro de 2012 (DOG núm. 205, do 26 de outubro de 2012), establece as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) para o ano 2012. O anexo I da citada orde está dedicado a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6, que unha vez finalizado o contrato, as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación para conceder ou non a acreditación de ter superado con aproveitamento o programa.

De acordo co Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, corresponde á Secretaría Xeral de Universidades as competencias en materia de investigación universitaria.

A Instrucción 3/2016, do 8 de febreiro de 2016, da Secretaría xeral de universidades, establece as directrices que regulan o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas Universidades do SUG ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012. A avaliación levouse a cabo por expertos externos ao SUG, coa colaboración da axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia de acordo co establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 17 de outubro de 2012.

Con don data 31 de marzo de 2016 ditouse polo secretario xeral de Universidades unha resolución pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C).

Nesa resolución Marta Tojo Castro con DNI *****79K aparece como resultado da súa avaliación: pendente de revisión.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Unha vez realizada unha avaliación de contraste e de acordo co informe dos expertos, esta Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador:

Investigadores do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C)					
1º Apellido	2º Apellido	Nome	DNI	Centro	Resultado Avaliación
Tojo	Castro	Marta	*****79K	USC	NON APTO

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa notificación, e sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estímen procedente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2016

O secretario xeral de Universidades


José Alberto Díez de Castro